



informa

L OMLOE

A última do taboleiro



Dosier coas principais novidades e cambios que incorpora

a nova Lei educativa e o seu calendario de implantación.

Proposta da CIG-Ensino dunha Lei Galega de Educación.

LOMLOE: unha lei insuficiente

A CIG-Ensino lamenta que se perdeuse unha oportunidade de emendar os recortes e ataques á nova **Lei educativa** non se observan cambios esenciais que permitan intuír un fortalecemento. Vólvese ao punto de partida das anteriores leis educativas do PSOE e tan só se eliminan algúns

Unha revisión dos aspectos máis salientábeis da LOMLOE

ENSINO PÚBLICO FRONTE AOS CONCERTOS

Na LOMLOE hai algunha mellora relativa ao papel do **ensino público**, mais limitábase a eliminar os retrocesos da LOMCE sen que se produza un avance real e importante na defensa do ensino público como elemento central do sistema educativo.

Non se reduce o peso do réxime de concertos no Estado, cun dos maiores índices de ensino privado ou concertado de toda Europa. Como aspecto positivo non se permite concertar os centros que segregan alumnado por sexo mais non se avanza na limitación dos concertos de ensinanzas non obrigatorias nin se abren vías para reducir os mesmos. Unha Lei de Educación que quixese reforzar o ensino público debería fixar o carácter subsidiario do réxime de concertos como a vía transitoria para a que teoricamente foi concibido mentres a oferta pública non é suficiente e arbitrar un mecanismo para incorporar os centros concertados á rede pública. Non se aproveitou a LOMLOE para reducir a duración mínima dos concertos á que había antes da LOMCE (baixar de 6 a 4 anos).

MELLORAS NA OFERTA E CALIDADE DO ENSINO PÚBLICO

A CIG-Ensino presentou propostas na fase de negociación da LOMLOE que non foron tidas en conta polo MEFP e que, ao noso entender, configurarían unha Lei ben diferente:

- Unha lei de financiamento que garantise o desenvolvemento da LOMLOE, algo que nunca se quixo facer coas anteriores leis ou modificacións delas.
- Comedores e transporte públicos gratuítos.
- Reforzo dos cadros de persoal para poder garantir unha boa atención en zonas rurais e

desfavorecidas sen que o tamaño dos centros ou a súa matrícula poida servir de escusa para que, por exemplo, as consideracións sobre a escola rural queden en papel mollado.

- Redución das ratios en todas as etapas educativas por lei, tamén na Formación Profesional Básica ou nas aulas que escolaricen alumando con NEAE, non limitándose como fai o texto a que se “poderá” facer unha redución de alumnado.
- Concibir a ESO como unha única etapa e non como se mantén no texto, con 1-3º por un lado e 4º por outro, mantendo o carácter propedéutico deste último curso así como a diferenciación entre as dúas modalidades de matemáticas.
- Reforzar a formación do profesorado nas TIC así como a dotación de máis e mellores medios.
- Dotar con persoal administrativo todos os centros para rebaixar a carga burocrática que soporta o profesorado.
- Posta en valor das bibliotecas escolares
- Integración das ensinanzas artísticas superiores na universidade. Non chega coa proposta de considerar Grao a titulación.
- Papel central dos claustros e consellos escolares, tamén na elección das direccións, algo que mellora claramente no texto da LOMLOE mais que o fai, como noutros temas, dun xeito insuficiente. Na nova Lei, inclúese finalmente un novo elemento de control das direccións por parte da Inspección, ao figurar dentro das funcións desta a avaliación da función directiva, cando esa función debe corresponderlle á comunidade educativa do centro e, nomeadamente, ao profesorado.

ENSINO LAICO

Defendemos un **ensino laico** no que a relixión confesional non ten cabida dentro das aulas. Volver á situación pre-LOMCE non abonda. Francia ten un lei de laicidade desde 1905. O concordato co Vaticano é preconstitucional. Cada Lei Orgánica que pasa por alto que a relixión debe limitarse ao ámbito persoal e ficar fóra das escolas é unha oportunidade perdida.

UNHA LEI DE BASES QUE NON LIMITE AS COMPETENCIAS EDUCATIVAS DE GALIZA

ente que necesita mellorar

ao ensino público perpetrados pola dereita na última década. Malia o ruído mediático, o goberno do PP pretende manter o statu quo do ensino público e garantir a diversidade lingüística e cultural do Estado español. Os aspectos máis lesivos da LOMCE do goberno do PP.

Defendemos reforzar o **ámbito competencial das CC.AA.** Propuxemos a incorporación na estrutura básica da Lei de conceptos como a “asunción da configuración plurinacional, pluricultural e plurilingüística” ou que as funcións de direccións, claustros ou consellos escolares sexan competencia das CC.AA. Aínda que hai algunhas melloras desde o punto de vista da participación das administracións educativas (como a Xunta) a LOMLOE non incide nunha visión realmente descentralizadora e non supón unha alteración substancial do marco actual.

UNHA LEI QUE NON CAMBIA AO RESPECTO DA PRESENZA E USO DO GALEGO NA EDUCACIÓN

A polémica alimentada pola dereita, máis ou menos extrema, sobre a lingua vehicular só se pode entender como unha campaña que parte da mentira para enrocarse en posicións reaccionarias sobre as que construír un discurso ideolóxico que só entende un estado centralista e negador do carácter plurinacional.

As declaracións de Feijóo neste sentido son perfectamente claras: non hai nada na LOMLOE que vaia provocar un cambio na política lingüística do PP en Galiza, porque volver á redacción anterior á LOMCE (que lembremos que foi a única lei que incluía o carácter de lingua vehicular para o castelán) non supón ningunha novidade para un goberno, o de Feijóo, que en 2010 e coa LOE en vigor, perpetrou a maior agresión contra o noso idioma no ensino coa **publicación do decreto de plurilingüismo e a prohibición de uso do galego en diferentes materias científico-técnicas.**

Por tanto, as recentes declaracións do presidente da Xunta e do conselleiro de Educación, enmarcadas nunha campaña partidaria e reaccionaria contra o noso idioma, propia do “trumpismo” máis básico, sitúan o noso idioma ante a evidencia de que o goberno que debería promocionalo, no sentido que moitas organizacións demandamos e o propio Consello de Europa vén de lle indicar, pretende seguir coa mesma política de debilitamento e relegación que xa nos levou aos peores índices de uso entre crianzas e mocidade.

A MELLORA DAS CONDICIÓNS DE TRABALLO DO PROFESORADO, AUSENTES DA NOVA LEI

Existe xa experiencia abonda despois de tantas leis orgánicas para saber que houbo nos seus textos consideracións de mellora das condicións nas que o persoal docente debe desempeñar a función docente que finalmente quedaron en papel mollado. Coa LOMLOE, ben por ausencia de propostas longamente demandadas polo profesorado e non incorporadas, ou ben pola falta de concreción e obriga para as administracións dalgunhas das que aparecen, pasará o mesmo. Estas foron as demandas da CIG-Ensino que non se tiveron en conta:

- Hai aspectos na nova lei, como a **maior importancia dos equipos docentes**, que quedan en papel mollado se non se establece un novo marco das condicións de traballo do profesorado, **reducindo os horarios lectivos e ampliando e reforzando a coordinación didáctica** e a capacidade de traballar en equipo.
- Non se pode mellorar a **atención á escola rural** (tanto en infantil e primaria como en secundaria) se non existe un compromiso para **reforzar os cadros de persoal**, xa que sen máis profesorado non se poderá manter a mesma oferta educativa que no ámbito urbano.
- A **atención á diversidade**, que tamén figura teoricamente reforzada no texto da Lei, só se pode garantir cun **incremento de profesorado especialista** e cun **reforzo da acción tutorial** que non aparecen por ningures.
- Obriga de fixar un **cadro de enfermidades profesionais.**
- Regular a **exención de docencia e disposición para outras funcións nos centros por motivos de saúde.** No texto da LOMLOE colouse ao final un sistema para regular que non se imparta docencia vinculado ao réxime disciplinario e sancionador por falta de rendemento, mais nada se di para casos de enfermidade.
- A aprobación dun **proceso extraordinario de acceso por vía diferenciada** (entre prazas estruturais ocupadas por persoal temporal nun claro exemplo de fraude na contratación e as prazas de reposición de efectivos) para dar saída ás altas taxas de temporalidade e ao abuso desta que a xustiza europea cuestiona.

- **Dereito de todo o profesorado á xubilación anticipada**, tamén de quen accedeu despois de xaneiro de 2011 e que está nunha situación peor que o profesorado de clases pasivas, cuxas condicións non só se deben manter senón estender a todo o profesorado.
- **Mellorar a formación do profesorado**, preferentemente dentro do horario lectivo e co dereito a unha licenza anual ao longo da carreira profesional. Incluir a necesidade de formación na realidade histórica, lingüística e cultural das realidades nacionais (fundamental nun sistema no que o profesorado é un corpo estatal).

A INTEGRACIÓN DO PROFESORADO TÉCNICO DE FP NO CORPO DE PES

Un capítulo aparte merece a emenda introducida na fase de debate parlamentario pola que se declara a extinguir o corpo de PTFP ao se integrar este no corpo de PES. A CIG-EnsinO comparte as demandas de todo o profesorado técnico por conseguir a **equiparación total co profesorado do corpo de PES**, na liña da demanda histórica do sindicato de acadar un **corpo único de docentes**. Porén, consideramos totalmente errado o procedemento de incorporación do texto definitivo na Lei, que non contou en ningún momento co mínimo contraste nin negociación coas organizacións sindicais, cando menos de xeito público, oficial e que á CIG-EnsinO lle conste. Con independencia de que existen suficientes razóns para que unha medida destas características **se aplicase tamén ao corpo de mestres**, o que xa non resiste ningunha xustificación é que **se deixe fóra aos mestres de taller de artes plásticas** (un corpo idéntico ao de PTFP para as escolas de artes e deseño) e, sobre todo, que se establezan unhas regras de xogo que van excluír a unha parte importante do actual profesorado do corpo de PTFP, que se verá abocado a formar parte dun colectivo a extinguir, no caso de quen é funcionariado de carreira, e cun futuro totalmente incerto no caso de quen é interino/a. A CIG-EnsinO defenderá no debate da normativa de desenvolvemento da LOMLOE que **ninguén do extinto corpo de PTFP quede fóra, tanto**

se é funcionariado de carreira como interino/a.

A REMOCIÓN DO POSTO DE TRABALLO POR UNHA “NOTÁBEL FALTA DE RENDEMENTO”

A CIG-EnsinO defenderá que ningunha quede atrás no proceso de integración do corpo de PTFP no de PES

A LOMLOE deixa a porta aberta a que o profesorado **“cunha notábel falta de rendemento” sexa removido do seu posto de traballo** e teña que realizar outras tarefas que non requiran atención directa co alumnado. En concreto, a norma establece que “a remoción será consecuencia dun expediente contradictorio que finalice cunha avaliación negativa realizada pola inspección educativa”. Desde a CIG-EnsinO consideramos que esta cuestión debería estar fóra dunha Lei Orgánica e ser negociada coas organizacións sindicais no desenvolvemento do agardado Estatuto Docente. Hai motivos que poden implicar unha falta de rendemento vinculados mesmo ao estado de saúde do persoal docente que, baixo ningún concepto, se deberían solventar mediante un expediente disciplinario.

En todo caso, a CIG-EnsinO entende que a norma non poderá ser aplicada sen un desenvolvemento legislativo posterior e será nese momento cando formule, tanto a nivel estatal como a nivel galego, as súas propostas para **evitar que se poidan producir abusos por parte da administración educativa**, así como para que se **dea cobertura a situacións asimiladas ao síndrome de “burnout” ou de deterioro da saúde** que non vexan recoñecidas por parte do INSS a declaración de incapacidade permanente.



Todo o que necesitas saber da LOMLOE

Como aconteceu coa LOMCE no seu día, a LOMLOE é unha modificación da LOE. Como xa temos dito, é sobre todo unha volta a esa lei, con algúns elementos novos e con outros da LOMCE que se manteñen.

O texto da nova lei está inzado de declaracións de intencións, moitas delas compartidas pola CIG-Ensino, mais que poden quedar só niso.

Así, atopamos referencias á **igualdade de xénero**, a un **enfoque transversal** para que todo o alumnado teña garantías de éxito, a **atención ao desenvolvemento ambiental sostíbel** ou a atención especial das administracións públicas á **escola no medio rural**. Tamén atopamos mencións a cuestións básicas como o desenvolvemento das **competencias dixitais do alumnado e profesorado**, facendo fincapé na fenda dixital, a **educación inclusiva**, tendo en conta ás persoas de maior vulnerabilidade; **políticas de compensación** para evitar desigualdades por factores sociais, económicos, culturais, xeográficos, étnicos ou doutra índole ou a necesidade de artellar **protocolos de prevención e de actuación ante todo tipo de violencias e acosos** ou a **posibilidade de reducir ratios**: en contornas desfavorecidas durante a primaria e no caso de escolarización de alumnado con NEAE.

Ten tamén relevancia no texto un **maior protagonismo do papel das administracións autonómicas** no desenvolvemento das políticas educativas, mesmo coa ampliación na competencia da Xunta no relativo aos contidos básicos das ensinanzas mínimas.



A administración estatal e galega establecerían o 50% dos currículos respectivamente en cada etapa educativa

Mais a experiencia despois de tantas Leis é que o papel terma de todo e que moitas declaracións quedaron só niso. No caso dos currículos sabemos xa por experiencia que a desproporción dos mesmos levou a que a Xunta se limitase a un simple verniz, facendo gala dun abandono e desinterese por exercer as súas competencias.

Principais cambios introducidos pola LOMLOE na LOE

EDUCACIÓN INFANTIL

- Elabórase un plan para 8 anos para **estender o primeiro ciclo** dándolle un carácter educativo, público e que terá extensión da gratuidade, facendo un labor compensatorio.
- Regúlanse os requisitos mínimos para impartir este primeiro ciclo.
- Etapa educativa de 0 a 6 anos con carácter voluntario.
- Contribuirá ao desenvolvemento físico, afectivo, social, cognitivo e artístico do alumnado.
- Remárcase a cooperación entre familias e centros educativos.
- Servirá para compensar os efectos das desigualdades, así como para a detección precoz e atención temperá de NEAE.
- Necesaria continuidade e coordinación entre esa etapa e a educación primaria.
- Incremento progresivo da oferta de prazas públicas no primeiro ciclo.

EDUCACIÓN PRIMARIA

- Maior autonomía aos centros para flexibilizar a organización e promover alternativas metodolóxicas.
- Recupéranse os tres ciclos anteriormente existentes, reordénanse as áreas, que estarán orientadas ao desenvolvemento das competencias do alumnado e poderán organizarse en ámbitos.
- Adicarase un tempo do horario lectivo a proxectos significativos para o alumnado.



- Garantírase nesta etapa a inclusión educativa e a atención personalizada, así como o reforzo tan pronto como se detecten dificultades.
- Contidos transversais a traballar en todas as áreas da educación primaria: comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a creación artística, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade e do espírito científico e o emprendemento.
- Obrigatorio traballar nesta etapa a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostíbel, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual. Así mesmo, porase especial atención na educación emocional e en valores, entre os que se inclúe a igualdade entre homes e mulleres, potenciándose a aprendizaxe significativa.

Áreas da etapa:

- 1.- Coñecemento do medio natural, social e cultural (que se poderá desdobrar en Ciencias da Natureza e Ciencias Sociais), Educación Artística (que se poderá desdobrar en Educación Plástica e Visual por unha parte e Música e Danza por outra), Educación Física, Lingua Castelá, Lingua Galega, Lingua estranxeira, Matemáticas.
- 2.- Engádesse no terceiro ciclo unha área de Educación en Valores cívicos e éticos.
- 3.- Poderase engadir tamén unha segunda lingua estranxeira, outra lingua cooficial ou unha materia de carácter transversal.

Avaliación

- ☑ Cando o equipo docente considere que un alumno ou alumna non alcanzou as competencias previstas poderá permanecer un ano máis no último curso deste ciclo, sendo unha medida excepcional que só se poderá adoptar unha vez durante a educación primaria e que deberá ir acompañada dun plan específico e personalizado de apoio para a adquisición das competencias non alcanzadas.
- ☑ Farase informe de cada alumno e alumna ao fin da etapa para lograr unha transición con garantías á etapa de educación secundaria.
- ☑ Avaliación de diagnóstico en cuarto curso, e de competencias ao rematar o ciclo, de carácter bianual e para información do alumnado e as familias, non para establecer tipos de centros.
- ☑ Novidade desta lei: “Nesta etapa porase especial énfase na atención individualizada ao alumnado, na realización de diagnósticos precoces e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo para evitar a repetición escolar, particularmente en contornas socialmente desfavorecidas. En ditas contornas as administracións procederán a un axuste das rateos alumnado/unidade como elemento favorecedor destas estratexias pedagóxicas.
- ☑ As administracións educativas dotarán os centros públicos e privados concertados dos recursos humanos e materiais necesarios para compensar a situación do alumnado que teña especiais dificultades para alcanzar os obxectivos educativos debido ás súas condicións sociais.

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

Organización da ESO

- Suprímese a referencia expresa aos ciclos aínda que se mantén a diferenza na organización de 1º a 3º por un lado e 4º por outro.
- Desaparece a diferenza entre Matemáticas académicas e aplicadas de 3º ESO.
- A proposta é unha volta á LOE, diferenciando materias obrigatorias e optativas. Non se detallan aspectos como o reparto por curso de Bioloxía e Xeoloxía ou Física e Química nos tres primeiros cursos, nin o das materias do ámbito artístico, que ten que haber unha en cada un dos tres primeiros cursos tamén. Todo queda pendente da lexislación de desenvolvemento (reais decretos).

- A materia de Tecnoloxía pasa a chamarse “Tecnoloxía e Dixitalización”.
- As materias que o alumnado deberá cursar entre primeiro e terceiro son: Bioloxía e Xeoloxía, Educación física, Educación plástica, visual e audiovisual, Física e Química, Xeografía e Historia, Lingua Castelá e Literatura, Lingua Galega e Literatura, Lingua Estranxeira, Matemáticas, Música e Tecnoloxía e Dixitalización.
- Dentro das materias optativas dos tres primeiros cursos deberán ofertarse “Cultura Clásica”, “Segunda lingua estranxeira” e “Materia para o desenvolvemento da competencia dixital”.
- Nun dos cursos da ESO estudarase a materia de Educación en Valores cívicos e éticos (regulación similar á anterior Educación para a Cidadanía, antes entre 1º e 3º e agora entre 1º e 4º).
- En 1º da ESO só poderá haber unha materia máis que en 6º de EP (na LOE eran 2 e na LOMCE non se citaba).
- Na práctica a propia organización de 4º vai permitir que se manteña como un curso dirixido ao Bacharelato ou FP.
 - Todo o alumnado deberá cursar Educación Física, Xeografía e Historia, Lingua Castelá e Literatura, Lingua galega e Literatura, Lingua Estranxeira e Matemáticas, onde se manteñen as dúas opcións.
 - As tres materias a maiores das obrigatorias que o alumnado deberá cursar poderán presentarse en agrupacións, cun claro enfoque a orientalos cara ás distintas modalidades de bacharelato ou a FP.
 - Poderán cursar unha ou máis materias optativas que terán que ter continuidade coas dos cursos anteriores.
- Adicarase un tempo do horario lectivo a proxectos significativos para o alumnado.

Programas de Diversificación Curricular

- Vólvese denominar **Programa de Diversificación Curricular**, e de novo en 3º e 4º.
- Ao finalizar 2º da ESO, quen non estea en condicións de promocionar a 3º poderá unirse ao PDC, unha vez escoitado o alumno e a familia, e tras a avaliación.
- Non especifica como requisito repetir unha vez (o que si figuraba no anteproxecto de 2018).

Avaliación

- ✓ Desaparece a indicación de que materias non se poden suspender simultaneamente para promocionar (Linguas e Matemáticas na LOMCE).
- ✓ Os proxectos educativos dos centros regularán as actuacións do equipo docente responsábel da avaliación (no anteproxecto de 2018 falaba das administracións).
- ✓ Inclúese a posibilidade dunha proba extraordinaria das materias suspensas se non se obtén o título da ESO.
- ✓ Terá que elaborarse un consello orientador ao final de 2º e en 4º (antes era en todos os cursos).
- ✓ A repetición considerase unha medida de carácter excepcional, e só poderá ser unha vez nun mesmo curso e dúas na etapa.
- ✓ Excepcionalmente, aínda que se esgotasen o máximo de repeticións en 4º da ESO poderase permanecer un ano máis.
- ✓ Os referentes á avaliación, no caso de alumnado con NEAE, serán os incluídos nas correspondentes adaptacións do currículo, sen que este feito poida impedirle a promoción ou avaliación.
- ✓ Avaliación diagnóstica en 2º da ESO.
- ✓ Proba de avaliación xeral do sistema educativo con carácter plurianual e mostral en 4º da ESO (suprímense as reválidas).
- ✓ Todo o alumnado ao concluír a súa escolarización na ESO recibirá unha certificación oficial na que constará o número de anos cursados e o nivel de adquisición das competencias da etapa. Dita certificación será tida en conta para procesos de acreditación.

BACHARELATO

- Poderán acceder ao Bacharelato todos os graduados na ESO, titulados en FP, artes plásticas e deseño, ou en ensinanzas deportivas.
- O goberno fixará, previa consulta coas CCAA, as condicións para realizar o Bacharelato en tres anos.

- As catro modalidades do bacharelato son:
◊Ciencias e Tecnoloxía **◊Humanidades e CCSS**
◊Artes **◊ Xeral (novo)**
- Vólvese á denominación de materias comúns, de modalidade ou optativas. O Goberno establecerá as estruturas das modalidades, as materias específicas de cada modalidade e o número de materias que se deben cursar.
- Cando a oferta de materias nun centro quede limitada por razóns organizativas, as Administracións poden facilitar que o alumnado curse algunha materia noutros centros mediante a modalidade de educación a distancia.
- Materias comúns: Educación física, Filosofía, Historia da Filosofía, Historia de España, Lingua Castelá e Literatura, Lingua Galega e Literatura, Lingua Estranxeira.
- Corresponde ás administracións a ordenación das materias optativas, mais os centros poderán facer propostas doutras optativas que requirirán a aprobación previa da Administración educativa correspondente.

Avaliación

- ✓ Retírase a limitación nas repeticións.
- ✓ Retírase a limitación da LOMCE para superar materias que supoñan continuidade con respecto ás de primeiro.
- ✓ Excepcionalmente poderase titular cunha materia suspensa sempre que non se producise unha inasistencia continuada e non xustificada e se considere que alcanzou os obxectivos e competencias vinculados a ese título.
- ✓ Poderán obter o título de bacharelato os que teñan o título de técnico/a de FP ou en Artes Plásticas e deseño e superen as materias que determine o Goberno.
- ✓ Poderán obter o título de bacharelato en Artes quen superasen as Ensinanzas profesionais de Música ou Danza e as materias comúns de Bacharelato.

NOTA: En primaria, secundaria e bacharelato os estándares de aprendizaxe avaliábeis pasan a ter carácter orientativo en canto non remata a implantación da lei que desaparecerán. (Disposición adicional segunda bis)



PROBAS DE ACCESO Á UNIVERSIDADE

- Na exposición de motivos indícase que a PAU será das materias de segundo de bacharelato. Non se indica no articulado, polo que haberá que agardar ao desenvolvemento normativo.

FORMACIÓN PROFESIONAL

- Considéranse como parte do currículo da formación profesional os resultados de aprendizaxe. O goberno xunto coas comunidades autónomas fixará os resultados de aprendizaxe correspondentes ás ensinanzas mínimas.
- O currículo das ensinanzas de FP incluírá unha fase de prácticas, e estarán exentos quen acrediten unha experiencia laboral que se corresponda cos estudos profesionais cursados.
- O alumnado poderá cursar un ciclo formativo, con carácter xeral, durante un tempo máximo que non supere o dobre dos cursos asignados ao ciclo.
- As Administracións poderán organizar ofertas específicas de ciclos formativos de grao básico para alumnado con NEAE, destinados a aqueles

casos nos que non sexa posíbel a inclusión en ofertas ordinarias, podendo escolarizarse até os 21 anos

Ciclos formativos de Grao Básico

- É requisito ter cumpridos os 15 anos (ou cumprilos durante o ano natural) e ter cursado 3º ESO. Excepcionalmente ter cursado 2º ESO e previa proposta do equipo docente á familia.
- Dirixidos ao alumnado cando o perfil académico e vocacional así o aconsellen. Velarase para evitar a segregación do alumnado por razóns socioeconómicas ou doutra natureza.
- Organizado en ámbitos:
 - 1.- **Ámbito de comunicación e ciencias sociais**
 - 2.- **Ámbito das ciencias aplicadas.**
 - 3.- **Ámbito profesional (novo).**

- Poderanse incluír outras ensinanzas que contribúan ao desenvolvemento das competencias como a de fomentar o desenvolvemento de habilidades sociais e emocionais, traballo en equipo...
- As administracións educativas promoverán a cooperación e a participación de axentes sociais da contorna, doutras institucións e entidades, especialmente as corporacións locais, asociacións profesionais, non gobernamentais e outras entidades empresariais e sindicais para o desenvolvemento destes programas.
- Quen acade o título de Grao Básico acadará tamén o título da ESO. O alumnado que non o supere poderá obter un certificado das competencias adquiridas.

Ciclos formativos de Grao Medio

- Poden cursalos quen posúa o título de ESO, teñan superado un curso preparatorio específico para o acceso a ciclos de Grao Medio ou unha proba de acceso ou estean en posesión do título de Técnico Básico.

Ciclos formativos de Grao Superior

- Poden cursalos quen posúan o título de Bacharelato, ou o título de Grao Medio. Quen non posúan o título poden facer unha proba de acceso, ou ter superado un curso de formación específico para o acceso aos ciclos de Grao Superior. Tamén quen estean en posesión do título de Técnico Superior ou Grao universitario.

Cursos de especialización

- Poderán estar eximidos dunha porcentaxe horaria concreta fixada nos currículos como o resto da FP e poderase establecer a súa oferta cunha duración a partir de horas previstas no currículo básico de cada un de eles.
- Poderán acceder quen estean en posesión dun título de Técnico Superior ou cumplan os requisitos para cada curso de especialización que así se determinen.

FP Dual

- O goberno, xunto coas CCAA, regulará as condicións e requisitos básicos para o desenvolvemento da FP dual.

ENSINANZAS ARTÍSTICAS

- O alumnado que finalice as ensinanzas profesionais de música ou danza obterá o título de Bacharelato na modalidade de Artes superando as materias comúns.
- Poderán acceder ao grao superior de artes plásticas e deseño quen teñan o título de bacharelato ou o de técnico ou técnica de FP, e superen unha proba. Tamén quen posúan o título de técnico ou técnica de artes plásticas e deseño.
- O alumnado que finalice as ensinanzas profesionais de grao medio de Artes Plásticas e Deseño obterá o título de Bacharelato na modalidade de Artes superando as materias comúns.
- O Título de Grao de Ensinanzas Artísticas Superiores terá equivalencia de Grao universitario a todos os efectos.

ENSINANZAS DE IDIOMAS

- Non se modifica nada.

ENSINANZAS DEPORTIVAS

- Non se modifica nada importante.

ENSINANZAS DE ADULTOS

- Poderán cursar ensinanzas de adultos quen cumpra 18 anos no ano que comeza o curso, maiores de 16 que teñan un contrato laboral ou deportistas de alto rendemento que non poidan ir aos centros educativos en réxime ordinario.
- Engádesse que tamén poderán cursalas os maiores de 16 anos nos que concorran circunstancias que lles impidan acudir aos centros educativos ordinarios e estean debidamente acreditadas e reguladas e a quen non estivesen escolarizados no sistema educativo español.

ALUMNADO CON NEAE

- As administracións educativas dotaran a este alumnado dos apoios necesarios en todo momento ao longo de toda a súa escolarización.
- Para atender adecuadamente ao alumnado con NEAE, a rateo poderá ser inferior a establecida con carácter xeral.

- Garantírase o réxime de escolarización máis inclusivo.
- Este alumnado poderá contar cun curso adicional durante a ensinanza básica.
- Poderase incorporar a linguaxe de signos para unha mellor inclusión educativa.
- Reservarase praza a este alumnado nas ensinanzas de formación profesional.
- Plan a 10 anos para que os centros ordinarios contén cos recursos necesarios para atender ao alumnado con discapacidade.
- Os centros de educación especial escolarizarán alumnado que requira atención moi especializada e serán centros de referencia dos centros ordinarios nos outros casos.
- As administracións educativas poderán colaborar con institucións, asociacións, entidades públicas ou privadas (aquí desaparece o de “sen ánimo de lucro”) para facilitar a escolarización e previr o abandono escolar.



ADMISIÓN DE ALUMNADO

- Evitarase a segregación do alumnado por motivos socioeconómicos na admisión nos diversos centros públicos ou concertados.
- Equilibrada distribución de alumnado NEAE entre todos os centros educativos, garantindo os recursos persoais e económicos necesarios.
- Criterios de prioridade: irmáns matriculados no centro, proximidade do domicilio ou lugar de traballo das persoas proxenitoras e renda per cápita.
- Terase en conta tamén que as persoas proxenitoras traballen no centro, condición de familia numerosa, alumnado nacido en parto múltiple, familia monoparental, situación de acollemento, concorrencia de discapacidade, vítima de violencia de xénero ou terrorismo.
- Reserva de prazas para alumnado NEAE. Dita reserva pode manterse até o inicio de curso.
- Incremento do 10% de prazas para atender

necesidades inmediatas de escolarización.

- Elimínase a posibilidade de reservar un 20% da puntuación para criterios específicos en centros de especialización curricular nas ensinanzas postobrigatorias.
- Dise expresamente que non se poden modificar os criterios de admisión en casos de centros plurilingües, de especialización curricular...
- Elimínase a declaración de que non constitúe discriminación a segregación por sexo.
- Nas garantías de gratuidade non se inclúe como excepción as actividades complementarias, indicando que estas deben realizarse sen que supoñan discriminación por motivos económicos.
- Na programación da rede de centros as administracións programarán a oferta educativa de modo que garantan a existencia de prazas públicas suficientes (na LOMCE non especificaba que foran públicas). E deberán promover un incremento progresivo de postos escolares na rede de centros de titularidade pública.

PROFESORADO


- Para impartir ensinanzas de formación profesional esixíranse os mesmos requisitos de titulación e formación que para o profesorado de ESO e Bacharelato (Grao universitario ou equivalente e formación pedagóxica, sen prexuízo de habilitacións doutras titulacións a efectos de docencia).
- Poderase atribuír docencia na FP como **profesorado especialista** a quen estea en posesión da titulación de Técnico/a, Técnico/a Superior, Técnico/a Especialista ou Técnico/a auxiliar da formación profesional. O goberno regulará as condicións de acceso e o desempeño das funcións docentes do profesorado especialista que prestará servizos en réxime de contratación laboral. Tamén se poderá atribuír docencia no ámbito da formación profesional a profesionais do sector produtivo asociado ao título ou curso correspondente.
- O Ministerio de Educación e FP determinará regulamentariamente os requisitos específicos e condicións para o desempeño de actividades docentes do profesorado especialista.
- Integraranse no corpo de profesorado de ensino secundario as especialidades de formación profesional incluídas no corpo a extinguir de PTFP, mantendo a atribución docente recoñecida pola normativa vixente.
- O Goberno, de acordo coas administracións educativas, establecerá o procedemento para o ingreso no corpo de PES, así como para o acceso ao mesmo do PTFP que estivese en posesión na data de entrada en vigor desta Lei Orgánica da titulación de Grao universitario, ou equivalente a efectos de acceso á función pública nas condicións que se determinen.
- O funcionariado de carreira do corpo de PTFP que, por non reunir os requisitos de titulación esixidos na data de entrada en vigor da Lei, non poida acceder ao corpo de PES, permanecerá no corpo a

extinguir de PTFP. Este profesorado manterá a súa especialidade e a atribución docente recoñecida pola normativa vixente.

- O Ministerio e as administracións educativas garantirán a oferta de formación pedagóxica e didáctica, de xeito que quede asegurado que o sistema educativo dispón de suficientes profesionais en todas as ensinanzas e especialidades.
- O funcionariado docente que mostre unha manifesta falta de condicións para ocupar un posto docente ou unha notoria falta de rendemento que non comporte inhibición, poderá ser removido do seu posto de traballo e realizar outras tarefas que non requiran atención directa co alumnado. A remoción será consecuencia dun expediente contradictorio que finalice cunha avaliación negativa realizada pola inspección educativa.
- Nas normas de convivencia engádese un punto no que se fai referencia a ter, en todos os centros, a figura de coordinador ou coordinadora de benestar e protección.
- No prazo dun ano ten que haber unha proposta normativa para acceso á función pública docente.

CONCERTOS EDUCATIVOS

- Os centros públicos ou privados concertados non poderán percibir cantidades das familias por recibir as ensinanzas de carácter gratuíto, nin impoñer ás familias a obriga de facer achegas.
- Especificase que os concellos só colaborarán coa dotación de solo público para crear novos centros públicos.
- Os centros sostidos con fondos públicos non segregarán por xénero.
- O financiamento dos centros concertados farase tendo en conta o estudo da Conferencia Sectorial, con presenza das organizacións sindicais máis representativas no ámbito do ensino concertado e as organizacións empresariais.





ÓRGANOS DE GOBERNO DOS CENTROS

- Maior importancia aos Consellos Escolares, onde se deberá promover a presenza equilibrada de homes e mulleres.
- Nas funcións dos Consellos Escolares engádesse aprobar e decidir, onde antes só poñía avaliar e informar.
- O Consello Escolar aprobará o Proxecto de orzamentos do centro.
- Estabéllese que o Proxecto educativo do centro incluírá un Plan de Mellora que deberá revisarse periodicamente.
- Apóstase por un modelo de dirección profesional.
- O curso de formación da función directiva déixase como un requisito que poderán ou non pedir as Administracións educativas. Pero se non o piden, unha vez que sexan elixidos ou elixidas no procedemento, deberán realizalo antes do seu nomeamento.
- Tamén establece que as Administracións poderán pedir aos directores e directoras módulos de actualización no desempeño da función directiva.
- Continúa a ser requisito os 5 anos como funcionariado de carreira exercendo funcións docentes nalgunha das ensinanzas das que ofrece o centro ao que se opta.
- Exclúe as direccións dos CIFP no relativo ao procedemento de selección de direccións que seguirán sendo nomeados por libre designación.
- Maior porcentaxe de membros do centro educativo (polo menos un terzo de profesorado e un terzo doutros membros do consello escolar) na comisión de elección de directores e directoras.
- A dirección poderá renovarse por períodos de igual duración (catro anos), previa avaliación positiva e ouvido o Consello Escolar. Aparece como nova función da Inspección educativa a avaliación da función directiva.
- Se non hai candidaturas, nomearase directora ou director por un máximo de catro anos.
- Desaparece a potestade que se lle daba na LOMCE á dirección dos centros para adaptar o centro á excelencia educativa e condicionar a selección de profesorado.

AVALIACIÓN DO SISTEMA EDUCATIVO

- Avaliación de competencias adquiridas que será mostral e plurianual, en 6º de primaria e 4º da ESO.
- Avaliacións de diagnóstico en 4º de primaria e 2º da ESO.
- Os resultados destas avaliacións non servirán para fixar unha categoría dos centros.
- Avaliación da función directiva por parte da inspección educativa.

PLANS DE CONTINXENCIA PARA SITUACIÓNS DE EMERXENCIA

- Regulado polo Goberno pero definido polas administracións públicas, para garantir o dereito á educación en calquera circunstancia.

LINGUA

- Impulsará a adopción por parte dos centros das medidas necesarias para compensar as carencias que puidesen existir.

RELIXIÓN

- A relixión segue presente nos centros como materia de oferta obrigatoria e de aceptación voluntaria. Ao non figurar como unha das áreas ou materias propias das diferentes etapas educativas non conta para o expediente académico (como acontecía antes da LOMCE).

- Poderase establecer a ensinanza non confesional de cultura das relixións no marco de regulación das ensinanzas de primaria e ESO.
- Desaparece a referencia a que o control do currículo e dos libros de texto de relixión recaerá nas autoridades relixiosas.

CORPO DE INSPECCIÓN

- Nas atribucións da inspección inclúe participar nos órganos colexiados ou de coordinación docente dos centros.
- O acceso segue sendo por concurso oposición, cun incremento de 5 a 8 os anos do requisito de antigüidade mínima para acceder a este corpo.
 - 1.- Fase de concurso: méritos profesionais docentes, na dirección ou no corpo de cátedras.
 - 2.- Fase de oposición: valoración da capacidade de liderado pedagóxico e avaliación das competencias propias da función inspectora.
- Poderá reservarse un terzo das prazas ofertadas para **concurso só de méritos** para quen teña **tres mandatos de dirección con avaliación positiva**.

CALENDARIO ESCOLAR

- Mantense o control do Goberno sobre o mínimo de días lectivos, 175.

O CORRELINGUA, VINTE (ANOS) COA LINGUA



A CIG-Ensino aposta por unha Lei Galega de Educación

A CIG-Ensino non renuncia a contar cunha Lei que asegure o dereito á educación pública de todas as galegas e galegos de 0 a 18 anos apegada á nosa realidade social, cultural, económica e lingüística. Unha Lei Galega de Educación para a que é necesario promover a eliminación dos concertos en todos os niveis educativos, empezando polos que segregan o alumnado por razóns de xénero, como por fin recolle a LOMLOE.

Unha normativa propia de Educación debe sustentarse na defensa do ensino público como garante de igualdade de oportunidades, un ensino laico, coeducativo e democrático. No seu articulado debería blindarse a baixada de rateos de alumnado por aula, a mellor das garantías da calidade educativa e que foi totalmente obviada na LOMLOE. Debe fixarse ademais como rateo máxima no primeiro ciclo de educación infantil 6 alumnos/as na idade de 0 a 1 anos, 10 na idade de 1 ano e 12 en 2 anos. En primaria e no segundo ciclo de educación infantil o máximo de alumnado por aula será de 15. Na educación secundaria obrigatoria, bacharelato, formación profesional e escolas oficiais de idiomas, a ratio máxima establecerase en 20. Unhas rateos que necesariamente teñen que verse reducidas naqueles grupos que escolaricen alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e nas que se contabilice o alumnado repetidor para a conformación dos grupos.

O 7% do PIB galego para educación

A aposta por un modelo máis social e igualitario, que combata o fracaso escolar e o abandono temperán, garanta a atención á diversidade e unha educación o máis individualizada posíbel só se pode acadar fixando unha asignación anual do 7% do PIB galego a educación. Deste xeito podería cubrirse a demanda existente de 0 a 3 anos e nas ensinanzas de formación profesional para promover as nosas potencialidades produtivas e atender as necesidades do tecido económico galego.

Recoñecemento do labor docente

Despois de anos de recortes nos servizos públicos e de desprestixio da profesión docente, auspiciado as máis das veces polas propias administracións, cómpre devolverlle o recoñecemento social

ao traballo do profesorado que se demostrou esencial para a estabilidade emocional do alumnado e para garantir o dereito universal á educación en situacións tan duras como a pandemia da COVID-19.

A elaboración dun Estatuto galego da función pública galega é algo tan demandado como necesario. A restitución dos dereitos laborais e salariais recurtados nos últimos anos, o restabelecemento da aplicación do acordo asinado no ano 2007 entre a Consellaría e as organizacións sindicais, que establece os criterios para fixar os cadros de persoal dos centros que imparten ensinanzas de infantil e/ou primaria e o horario do profesorado destes niveis e a negociación de cadros de persoal mínimos en todos os centros de secundaria que evite o actual sistema de cupos do corpo de profesorado son outras tres cuestións irrenunciáveis que deberían ser negociadas na Mesa Sectorial Docente.

Ademais desde o goberno galego débese presionar ao goberno do Estado para facilitar e gratificar a xubilación anticipada do profesorado que teña feitos os 60 anos de idade e 25 anos de servizo, ou 35 anos de servizo independentemente da idade, coa finalidade de facilitar a incorporación de novo persoal ao ensino e crear emprego. No ámbito galego negociarase ademais a redución do horario lectivo para o profesorado maior de 55 anos. É preciso tamén o compromiso da administración galega de convocar ofertas amplas de emprego e suprimir as taxas de reposición para dar resposta ás necesidades dos centros, facilitar a atención á diversidade e rematar coa precariedade e a temporalidade do profesorado.

No capítulo de formación garantirase a formación continua de todo o profesorado de forma gratuíta e en horario laboral. Así mesmo, promoverase a normalización e a galeguización do ensino que terá como obxecto capacitar plenamente o profesorado para impartir a súa materia en galego e conseguir actitudes favorábeis ao ensino no noso idioma. Desde o sindicato consideramos urxente derrogar o Decreto de Plurilingüismo e elaborar unha nova norma que contemple o ensino totalmente en galego para conseguir a súa plena competencia e normalización, así como a fixación duns currículos inseridos na nosa realidade nacional, histórica, cultural, social e económica.

Calendario de implantación

PRAZO	DESENVOLVEMENTO DA LEI
Coa entrada en vigor da Lei	<p>Participación e competencias do Consello Escolar, Claustro e Dirección.</p> <p>Autonomía dos centros docentes.</p> <p>Selección de dirección.</p> <p>Admisión de alumnado.</p>
Curso 2021/22	<p>Avaliación e condicións de promoción.</p> <p>Condicións de titulación na ESO, nos ciclos formativos de grao básico e no bacharelato.</p> <p>Titulación das ensinanzas profesionais de música e danza</p> <p>Condicións de acceso as diferentes ensinanzas.</p>
Curso 2022/23	<p>Modificación do currículo, organización e obxectivos de 1º, 3º e 5º de primaria, 1º e 3º de secundaria, 1º de bacharelato, 1º curso do ciclo formativo de grao básico.</p>
Curso 2023/24	<p>Modificación do currículo, organización e obxectivos de 2º, 4º e 6º de primaria, 2º e 4º de secundaria, 2º de bacharelato e 2º curso do ciclo formativo de grao básico.</p> <p>As avaliacións de diagnóstico.</p> <p>As modificacións relativas ao acceso e admisión á universidade.</p>

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, Baixo
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal